



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE BRAGADE



CEIP Plurilingüe Bragade
CESURAS

PROXECTO LINGÜÍSTICO



2023/24-2026/27

Lugar A Casagrande, 15
15391 Dordaño (Oza-Cesuras)
T. +34 881 880 509
ceip.cesuras@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/>

CVE: 80ZF6cctAcq9
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL.....	4
3. CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
4. OBXECTIVOS.....	6
5. ACTIVIDADES.....	7
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	8
7. LINGUAS DE ENSINO.....	8
8. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.....	10
9. AVALIACIÓN.....	11





1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na súa disposición adicional trixésima oitava recolle que “Las Administraciones educativas garantizarán el derecho de los alumnos y las alumnas a recibir enseñanzas en castellano y en las demás lenguas cooficiales en sus respectivos territorios, de conformidad con la Constitución Española, los Estatutos de Autonomía y la normativa aplicable.”.

De xeito máis concreto, segundo o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión nunha comunidade.

En base ao reflectido no capítulo IV. artigo 21º, “<...> os centros educativos poidan chegar a ofrecer ata un máximo de dun terzo do seu horario lectivo semanal en lingua(s) estranxeira(s)”, neste centro contéplase o horario lectivo na lingua estranxeira a través da ensinanza en inglés da materia non lingüística de Ciencias Sociais na Educación Primaria. Na mesma liña, en concordancia co establecido na *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística* favorécese a normalización e o uso equitativo de ámbalas linguas cooficiais, galego e castelán.

Paralelamente, na **ESTRATEGIA GALEGA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS “Edulingüe 2030”** desta Consellería recóllese na visión do contexto a importancia da internacionalización do sistema educativo, destacando, entre o xa citado do *Decreto 79/2010*, o seguinte:

- O ensino e aprendizaxe das linguas permite á cidadanía europea desprazarse, traballar, e estudar noutros países da Unión Europea, ao mesmo tempo que contribúe a dar impulso ao crecemento, á creación de emprego e a unha comprensión mutua entre diferentes países e culturas.
- A comunicación plurilingüe constitúe un importante facilitador da cooperación internacional e a orde global apoiado pola Unión Europea e as Nacións Unidas.
- A comunicación en linguas estranxeiras é unha das oito competencias clave definidas polo Marco Común Europeo.
- O alumnado deberá acadar unha competencia similar nas linguas cooficiais en cada unha das etapas do sistema educativo. Ademais, poderá afianzar a súa competencia en linguas estranxeiras ao poder estar estas presentes como linguas vehiculares en materias non lingüísticas.





2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente que se cita a continuación:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.**
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.**
- **Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.**
- **Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (en diante Orde Celga).**
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.**
- **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**

3. CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Plurilingüe Bragade está situado no concello de Oza-Cesuras, que posúe un territorio de 151,62 km² e atópase na área interior da provincia da Coruña, ao sur de Betanzos: limita ao norte co concello de Abegondo, ao sur con Mesía e Curtis, polo leste con Abegondo e ao oeste con Mesía.

Hai un casco semi-urbán que está situado en Bragade. Segundo datos do último Padrón Municipal de Habitantes, a 07 de outubro de 2022, Cesuras conta con 1.960 habitantes e a nivel de todo o Concello, Oza-Cesuras conta 5.237 habitantes.

Este Concello, de carácter rural, é fundamentalmente agrícola e gandeiro e se ben foi experimentando unha perda de poboación progresiva xeral nas últimas décadas, dende a COVID foise percibindo unha pequena recuperación desta (localización preto da A-6 e a uns





30 km da Coruña) ao detectarse, tamén, familias que, tendo o traballo na referida urbe ou arredores, deciden mercar unha casa con parcela na zona en lugar dun piso na cidade.

A meirande parte do alumnado deste centro fala maioritariamente o castelán na escola e entre eles/as, aínda que se aprecia claramente que a lingua materna é, na súa meirande parte o galego, pois en moitas familias, pais/nais diríxense aos/ás fillos/as en galego. Malia isto, moito alumnado fala só en castelán ou tenta falar só en castelán. Polo tanto, a importancia e a necesidade de fomentar o uso do galego no centro é moi grande, ao igual que seguir impulsando a mellora na competencia de fala de lingua estranxeira.

No tocante á situación sociolingüística e lingüística podemos apreciar o seguinte:

■ **Lingua empregada polas entidades asociativas da contorna:**

• **ANPA e as Actividades Extraescolares:**

A comunicación entre a directiva da ANPA e a dirección do centro adoita ser en galego, tanto a nivel oral como escrito, tal e como se podería comprobar nas comunicacións electrónicas. Coas Actividades Extraescolares que se ofertan no centro, os/as monitores/as diríxense aos/ás nenos/as xeralmente en castelán.

■ **Situación do persoal docente:**

Na lingua habitual que o profesorado emprega nos ámbitos non docentes adoitaba haber un claro predominio do castelán, mais a día de hoxe o galego foi gañando terreo como lingua vehicular en todos os eidos (formal e informal). Ademais, a existencia da figura da auxiliar de conversa foi propiciando nos últimos anos, ademais, un aumento do emprego do inglés fóra do aspecto puramente docente, animándose a empregalo, incluso, profesorado non pertencente á Coordinación de Plurilingüismo.

■ **Situación do alumnado:**

O alumnado, na súa maioría, emprega como lingua habitual de comunicación o castelán, mesmo o procedente dun entorno rural. Nalgún caso existe un comportamento diglósico á hora de dirixirse aos/ás nenos/as por parte das familias. Tamén se dá o caso, en menor medida, de nenos e nenas que chegan á escola expresándose en galego, e en pouco tempo pásanse ao castelán nas relacións diarias con compañeiros/as e mestres/as. Aínda así, o nivel de competencia a nivel de expresión, e sobre todo en comprensión, é moi superior ao nivel de uso, mais en xeral o dominio do castelán adoita ser mellor co galego.

■ **Situación do centro (administración, órganos colexiados...):**

O galego é a lingua vehicular dos usos administrativos do CEIP Plurilingüe Bragade. Tanto a documentación interna como a que se envía ás familias e estamentos administrativos está escrita en galego na súa totalidade. O persoal non docente que forma parte da Comunidade





Educativa é, así mesmo, usuario da lingua galega en todos os contextos e situacións. As indicacións das aulas, carteis e anuncios están escritos en galego, sendo engadidos, paulatinamente pictogramas, entre outros.

Ademais, o centro está actualmente no Programa de Plurilingüismo (sendo as Ciencias Sociais a materia non lingüística para ser impartida en lingua inglesa) e conta coa acreditación dunha estrela Plurininfantil.

4. OBXECTIVOS

Os obxectivos a acadar mediante a elaboración do Proxecto Lingüístico concréntanse da seguinte forma:

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en tódalas actividades do centro
- Potenciar a identidade das nosas linguas e da lingua estranxeira en prol do factor cultural
- Informar á comunidade educativa sobre acontecementos vinculados coa cultura das linguas oficiais e da lingua estranxeira, Inglés: exposicións, festexos, revistas, concursos...
- Potenciar a valoración positiva do uso das nosas linguas e da lingua estranxeira, Inglés, por parte de todos os membros da comunidade educativa
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante
- Desenvolver a competencia lingüística en ámbalas linguas oficiais e na lingua estranxeira, Inglés
- Promover a comprensión e expresión oral e escrita en ámbalas linguas oficiais e na lingua estranxeira, Inglés
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da linguas e das tradicións culturais propias
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a difusión das linguas cooficiais e da lingua estranxeira, Inglés
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais nas linguas cooficiais e na lingua estranxeira -Inglés-, e promover o seu uso
- Fomentar o uso das TICs empregando as linguas cooficiais e a lingua estranxeira, Inglés
- Aplicar o reflectido no apdo. 7 da presente en relación á etapa de Infantil, sendo o galego o predominante e sen prexuízo ou menoscabo do que nese punto se recolle.
- Continuar potenciando os programas de Plurilingüismo e Plurininfantil



5. ACTIVIDADES

Neste apartado cítanse algunhas das actividades que se desenvolven actualmente no centro en prol da adquisición da competencia lingüística en ámbalas linguas cooficiais e na lingua estranxeira, Inglés.

- Divulgar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación vixente entre o profesorado
- Empregar as linguas cooficiais e a lingua estranxeira en diferentes medios de comunicación: carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxinas web, xornal do centro, etc.
- Indagar sobre a historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna así como dos países de fala inglesa
- Programar visitas didácticas á lugares de interese da nosa contorna, poñendo en prol a identidade das nosas linguas
- Potenciar os diferentes oficios propios da contorna, parte da identidade das nosas linguas
- Impulsar a celebración e a participación en diferentes certames literarios en prol da divulgación das linguas, como por exemplo a popular celebración do Día das Letras Galegas
- Facilitar á comunidade educativa diferentes tipos de textos: cantigas, contos, refráns, contos...
- Asistir a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o emprego das linguas
- Divulgar a importancia e o factor cultural dos xogos populares de ámbalas linguas cooficiais e da lingua estranxeira, Inglés
- Promover a visita de escritores, ilustradores e contacontos, así como actividades baseadas na potenciación da lectura
- Dotar de materiais e recursos en prol das linguas (xogos, dicionarios...)
- Empregar as TICs a través de distintos recursos e aplicacións informáticas, favorecendo o emprego das linguas
- Realizar talleres baseados na comprensión e expresión da lingua (ex. representacións teatrais)
- Potenciar e dinamizar o Laboratorio de Idiomas do centro para transmitir a curiosidade e o amor polas diferentes culturas e linguas, tanto de países e lugares de fala das linguas cooficiais, como da inglesa e das que imparte neste contexto o profesorado acreditado
- Potenciar a comprensión e un dominio integral da materia curricular de Ciencias Sociais (en inglés en base ao Programa de Plurilingüismo) mediante a elaboración de material e recursos de carácter bilingüe (inglés/galego) para o alumnado (como mínimo dende o 2º ciclo de Pri. en diante)



6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Os recursos humanos do centro comprenden o profesorado do centro, a ANPA e diferentes entidades como a propia Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, o Concello de Oza-Cesuras, a Dirección Xeral de Política Lingüística e outros centros educativos da zona.

Entre os recursos materiais cómpre destacar: a biblioteca escolar, eixe central de promulgación das linguas; bibliotecas de aula equipadas con diversos materiais (xogos, contos, vídeos...); patio escolar para a promulgación de diferentes xogos populares, aula de audiovisuais para a proxección de vídeos, imaxes e espazo para o desenvolvemento de actividades didácticas (concertos, obras de teatro, contacontos...); e diferentes recursos (ordenadores, pantallas dixitais, proxectores, taboleiro de anuncios para informar á comunidade educativas das novas relacionadas coas nosas linguas, como por exemplo material sobre dinamización e normalización lingüística...).

7. LINGUAS DE ENSINO

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece o seguinte: En Educación Infantil, artigo 5º:

1. *Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.*

A Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo, en base ás sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 <...> e do 28 de novembro de 2012 <...> anularon o punto 2 do artigo 5 quedando do seguinte xeito:

2. *A lingua predominante do alumnado na etapa de educación infantil deberá determinala o centro educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro. Co fin de levar a cabo tal resolución, teranse en conta os seguintes parámetros:*
 - a) *Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.*
 - b) *Realidade sociolingüística do centro.*
 - c) *Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.*



O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece o seguinte: En Educación Primaria,

Artigo 6º.-Educación Primaria

- 1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.*
- 2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.*
- 3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.*
- 4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas.... Este proceso realizarase cada catro cursos escolares*

Artigo 12º.- Horarios e utilización das linguas

- 1. Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asignaráselles globalmente o mesmo número de horas ao ensino das materias de lingua galega e de lingua castelá.*
- 2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.*

A Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo, en base ás sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 <...> e do 28 de novembro de 2012 <...> anularon o punto 3 do artigo 12 quedando do seguinte xeito:

- 3. O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.*

Deseguido, xúntase unha táboa, onde se especifican as linguas nas que se impartirán as diferentes áreas.



Docencia en Galego	Docencia en Castelán	Docencia en Inglés
--------------------	----------------------	--------------------

Materias	Niveis (Primaria)					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Educación en Valores Cívicos e Éticos	-	-	-	-	-	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Estranxeira (Inglés)	2	2	3	3	3	3
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Relixión/Proxecto Competencial	1	1	1	1	1	1
TOTAL SEMANAL	25	25	25	25	25	25

	Horas totais semanais					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Docencia en Galego (horas totais semanais)	11	10	11	10	11	10
Docencia en Castelán (horas totais semanais)	10	10	9	9	9	9
Docencia en Inglés (horas totais semanais)	4	5	5	6	5	6

En síntese, de acordo co *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel en ámbalas linguas cooficiais e na lingua estranxeira, Inglés.

8. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

No caso de que o alumnado presente un déficit lingüístico, tras unha previa detección e valoración realizada polo/a titor/a, organizaranse e estableceranse as medidas necesarias. Na mesma liña, o/a titor/a poderá solicitar unha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación tal e como se establece na *Orde do 31 de xullo de 1996*.





Respecto ao alumnado estranxeiro que presente un insuficiente dominio das linguas, o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* recolle a responsabilidade da administración de elaborar un plan que permita a consecución da competencia lingüística en ambas linguas oficiais, galego e castelán. Cómpre resaltar a *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola cal se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro*, no cal se expón a posibilidade de incluír aos alumnos que descoñezan ambas linguas co-oficiais en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos de idade.

Nese senso, a *ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega*, recolle os requerimentos que se deben reunir para aquel alumnado que puider quedar exento da materia de lingua galega.

Asi mesmo, a *Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifíca a Orde do 16 de Xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (en diante Orde Celga) (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)*, puntualiza aspectos do Decreto e Orde sinaladas, respectivamente, matizando, entre outras cuestións, o seguinte:

Exención do estudo da lingua galega e a obtención da validación dos estudos de galego cando se realice un curso dos estudos regrados fóra de Galicia.

*A Orde de exención da lingua galega no seu artigo segundo, na regulación que fai dos principios xerais, deixa fóra do seu ámbito de aplicación todo o alumnado que realizase estudos en Galicia, e que curse fóra da comunidade autónoma **tres cursos completos ou menos** e se incorpore ao sistema educativo galego.*

Tal consideración deriva do carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en todos os niveis educativos do sistema educativo en Galicia e por iso hai que cursar e superar todos os cursos que dan dereito a título. Porén, poderase obter igualmente a validación aínda que se cursase un dos anos fóra de Galicia no suposto previsto 4ª) do anexo I da Orde Galega.

9. AVALIACIÓN

No artigo 14º do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* indicase que a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe de



ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar. Este proxecto actualizarase e remitirase á Inspección Educativa cada catro anos.

Asi mesmo, e tal e como establece o referido Decreto no punto 4 dese mesmo artigo, anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- 1. En educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.*
- 2. Se houber unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.*
- 3. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.*

Elaborado pola Dirección do centro.

Vº bo e pr. polo Claustro de Mestres o 26 de xuño do 2023.

Aprobado polo Consello Escolar o 26 de xuño do 2023.

Enviado ao Servizo de Inspección Educativa o 27 de xuño do 2023.

Asinado electrónicamente en Cesuras

O Director

D. Israel Arranz Carreño

